

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 13 DE MARZO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trece de marzo de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e a interventora xeral municipal accidental, dona María Concepción Castro-Gil Iglesias, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local ordinarias do 7, 14, 21 e 28 de febreiro de 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. XESTIÓN URBANÍSTICA.- Acórdase a aprobación inicial do proxecto de actuacións para reducir o risco de inundacións do río Rato na contorna da glorieta da rúa Serra de Meira T.M. de Lugo.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da licenza urbanística para a construción de edificio na avda. da Coruña, número 35, rúa Concepción Arenal, número 8-10 e rúa Esquecemento (Exp. 2022/Y001/000260).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

3. FACENDA LOCAL.- Acórdase a rectificación do acordo 4/45, adoptado pola Xunta de Goberno Local, do 21.02.2024, relativo á regularización tributaria exp. renuncia á licenza urbanística, procedemento 45/2019, para construción de edificio na avenida Adolfo Suárez, 42.

4. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación da contratación de patrocinio publicitario con motivo da celebración no Concello de Lugo do Campionato de España de Motocross (Exp. 2024-C005-000001).

Tamén se acorda a aprobación do procedemento de contratación, dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade da

ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refª: ispac1044922884713079073.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-3-2024

contratación da renovación de licenzas do sistema de cita previa e mantemento do sistema de xestión de colas (Exp. Ref. 2024/C004/000005).

Acórdase a aprobación do procedemento de contratación, dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado da contratación da subministración e servizos consistente no alugueiro de máquina de limpeza de pezas de vehículos municipais e retirada e reciclado de disolvente (lote 1) e alugueiro de contedores específicos e transporte e retirada de residuos (lote 2) (Exp. Ref. 2024-C004-000006).

Tamén se acorda a aprobación do procedemento de contratación, dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto da contratación dun servizo de conservación, mantemento e reparación de vehículos municipais (mecánica para vehículos de obras, servizos e dúmpers). Exp. Ref. 2024/C003/000010.

Acórdase prorrogar polo período necesario para a tramitación dun novo prego e sinatura dun novo contrato ou ata o 6 de maio de 2024 a contratación da prestación do servizo de xestión no centro social e cultural do Vello Cárcere (Exp. Ref 2018-15). Tecol 2020/C003/000022.

Tamén se acorda a aprobación do procedemento de contratación, dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada da contratación do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Lugo (Exp. Ref. 2024/C003/000006).

Acórdase a aprobación da modificación do contrato administrativo da obra "Corazón Verde Entre Murallas: Praza de Ferrol" (Exp. Ref.: 2022-C002-000025. Código Proxecto: 22mrrxx24100), Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Next Generation EU.

5. FOMENTO.- Acórdase a aprobación do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a entidade empresa Monforte, S.A.U., para a celebración do Arde Lucus 2024.

6. PERSOAL.- Acórdase a atribución temporal de funcións como cabo bombeiro do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS).

Tamén se acorda a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de oficial condutor/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre (OPE 2022).

Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de psicólogo pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre (OPE 2023).

Tamén se acorda a modificación do acordo 13/54 de bases específicas para a cobertura en propiedade de 14 prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo (OEP 2021-2022-2023).

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

7. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase a desestimación do recurso de reposición - selección de persoal do O.E. Arquivalugo.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.